

Decálogo do profesional especializado en autismo

Por Theo Peeters

- 1- **Sentirse atraído polas diferenzas.** Pensamos que ser un “aventureiro mental” axuda a sentirse atraído polo desconocido. Hai persoas que temen as diferenzas, outras séntrense atraídas e queren saber máis sobre elas.
- 2- **Ter unha imaxinación viva.** É case imposible comprender o que significa vivir nun mundo literal, ter dificultades en ir más alá da información recibida, amar sen unha intuición social innata. Para poder compartir a mente dunha persoa autista, que padece un problema de imaxinación, débese ter, en compensación, enormes doses de imaxinación.
- 3- **Capacidade para dar sen obter a acostumada gratitud.** Tense que ser capaz de dar sen recibir moito a cambio, e non sentirse decepcionado pola falta de reciprocidade social. Coa experiencia, a persoa aprenderá a detectar formas alternativas de dar as grazas, e a gratitud de moitos pais a miúdo compensará con creces.
- 4- **Estar disposto a adaptar o propio estilo natural de comunicarse e de relacionarse.** O estilo que require está máis ligado ás necesidades da persoa con autismo que a o noso grado espontáneo de comunicación social. Isto non é fácil de lograr e require moitos esforzos de adaptación, pero é importante reflexionar acerca de qué necesidades estamos atendendo.
- 5- **Ter o valor de “traballar só no deserto”.** Especialmente cando se empiezan a desenvolver servizos específicos nunha área. Hai tan pouca xente que comprenda o autismo, que un profesional motivado corre o risco de ser criticado en vez de aplaudido polos seus enormes esforzos. Os pais sufrieron este tipo de críticas antes, por exemplo cando escoitan cousas como “todo o que necesita é disciplina”, “se fose o meu fillo,...”, etc.
- 6- **Non estar nunca satisfeito co nivel de coñecementos propios.** Aprender sobre o autismo e sobre as estratexias educativas más adecuadas é un proceso continuo, xa que o coñecemento en ambos campos evoluciona continuamente. A formación en autismo nunca se acaba e o profesional que crea que xa a ten, en verdade pérdea.
- 7- **Aceptar o feito de que cada pequeno avance trae consigo un novo problema.** A xente ten tendencia a abandonar os encrucillados se non pode resolvélos. Isto é imposible no autismo. Unha vez que se empieza, sábese que o traballo de “detective” nunca se acaba.
- 8- **Dispor de capacidades pedagóxicas e analíticas extraordinarias.** O profesional ten que avanzar pouco a pouco e utilizar soportes visuais de maneira moi individualizada. Hai que realizar avaliacións con tanta frecuencia que un debe adaptarse constantemente.
- 9- **Estar preparado para traballar en equipo.** Debido á necesidade dunha aproximación coherente e coordinada, todos os profesionais deben estar informados dos esforzos dos demás, así como dos niveis de axuda proporcionados. Isto inclúe aos pais, especialmente cando o neno é pequeno.
- 10- **Humildade.** Un pode chegar a ser “experto” en autismo en xeral, pero os pais son os expertos sobre o seu propio fillo e débese ter en conta a súa experiencia e coñecemento. No autismo non se necesitan profesionais que queiran permanecer no seu “pedestal”. Cando se colabora cos pais é importante falar dos éxitos, pero tamén admitir os fracasos (“por favor, axúdeme”). Os padres tamén teñen que saber que o experto en autismo no es un deus del Olimpo.